

SOLIDARIEDADE COAS SEIS DE LA SUIZA: **O SINDICALISMO NON É DELITO**

Desde o STEG queremos expresar a nosa máis rotunda repulsa pola sentenza que levou ao encarceramento das seis de La Suiza. A súa condena é un ataque directo non só contra as persoas afectadas, é un ataque a todo o sindicalismo.

Estas compañeiras foron condenadas por participar nunha protesta sindical, por exercer un dereito básico: o dereito a mobilizarse, a organizarse e a defender os seus dereitos, que son os de todas. Criminalizar a loita sindical é sementar o medo, é tentar desactivar a capacidade de resposta colectiva fronte á precariedade, os abusos e a perda de dereitos, é iniciar un camiño que pode ter un escuro final.

Como sindicato comprometido coa defensa do ensino público e cos valores da liberdade e a xustiza social, desde o STEG denunciaremos esta deriva autoritaria e represiva do Estado. A represión non é compatible co respecto ás liberdades democráticas.

As Seis de La Suiza non están soas. A súa loita é a nosa. Esiximos á súa inmediata liberdade. Loitar non é delito, é un dereito.

¡Contra a represión, máis organización e máis solidariedade!

